

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 28 de xullo de 2015, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o *“Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia”*.

“ANTECEDENTES

A Axencia Turismo de Galicia remite para o seu informe o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítese este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 a) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto é unha norma regulamentaria que se dita en desenvolvemento da citada Lei de turismo de Galicia.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencial apróbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula no seu título IV *“Da ordenación das empresas turísticas”* os apartamentos e vivendas turísticas como empresas de aloxamento turístico.

Nos artigos 64 e 65 da lei recóllense as definicións de apartamentos e vivendas turísticas, remitindo a un posterior desenvolvemento regulamentario o referente aos requisitos e condicións de funcionamento.

Co fin de proceder á ordenación das vivendas de uso turístico en Galicia, mediante a Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro) engadiuse un novo artigo á Lei 7/2011, do 27 de outubro, o artigo 65 bis, que introduce esta nova tipoloxía de aloxamento turístico. Segundo este precepto, son vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria.

Sobre a base desta habilitación normativa, o decreto agora examinado desenvolve a devandita lei autonómica e regula a actividade dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico.

3. Pola comisión de normativa non se realizan observacións de mellora do texto.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia*, pola súa adecuación á normativa sectorial vixente.”